

Membros da Asociación Monte Branco presentaron o venres o programa de actividades

# Manuel Rivas recibirá unha homenaxe durante a Festa das Letras do Couto

Os actos empezarán o 10 de maio e rematarán o día 18 cun concerto de Susana Seivane

**E. Silveira**

CARBALLO

Os membros da Asociación Cultural Monte Branco de O Couto (Ponteceso) levan un ano preparando a Festa das Letras. Puxéronse mans á obra nada máis rematar a anterior edición (este ano van pola vinte) e o resultado é un programa repleto de interesantes actividades.

O máis chamativo será, sen dúbida, a presenza en O Couto do escritor e xornalista Manuel Rivas. O autor inaugurarán as oito xornadas festivas o próximo día 11 cun roteiro literario polas praias da Costa da Morte. Despois do pregón a cargo de Miguel Anxo Mato Fondo no alto do Monte Branco, os asistentes viaxarán por Soesto, Traba, Nemiña, Moreira e rematarán a excursión no mosteiro de Moraime, en Muxía, onde arrinca a novela do literato homenaxeado *En salvaxe compañía*.

O día 11 inaugurarase o Salón do Libro Infantil e Xuvenil na Casa dos Veciños de O Couto, no que se presentarán tódalas novidades editoriais. Por alí pasarán os 500 estudantes dos colexios de Ponteceso. Non faltará tampouco o teatro, coa posta en escea da obra de Manuel Rivas *Un millón de vacas* e a actuación de Ruote.

A partir do luns (12 de maio) diversos autores colaborarán nas actividades incluídas no programa festivo: Pilar Sampedro, Paco Souto, Serxio Moreira, Xoán Babarro, Miro Magariños, Lino Braxe, Ana Carreira, María Canosa e Xosé Manuel Varela son algúns deles. Os do Couto tampouco esquencerán a tradición regueifeira e haberá unha demostración a cargo de Pinto de Herbón e Antonio de Xornes. Ademais, a asociación continúa cas xestións para estreir o día 16 na Casa dos Veciños a película en galego *O lapis do carpinteiro*, baseada na novela de Manolo Rivas.

As actividades concentraránse nos días 17 e 18. O sábado haberá un encontro de corais, verbena e xogos populares. O domingo inaugurarase a feira de artesanía, haberá unha semberanza sobre Manolo Rivas e un xantar homenaxe. Tras un festival de música folk actuará pola noite a gaiteira Susana Seivane.



ANA GARCÍA

Os responsables da Asociación Cultural Monte Branco presentaron o venres o programa de actos

*Hai cousas que non se poden comprar, como o cariño dunha nai.*

## Día da Nai

Todo o demais atoparalo nas tendas do centro comercial aberto



**carballo**<sup>cc</sup>  
centros comerciais  
abertos

*Aquí moi preto, nas rúas de Carballo*

**meniños**  
Fundación para a infancia  
902 22 07 07 - www.meniños.org  
Faite Socio

Dr. José Manuel Díaz GINECÓLOGO Telf.: 981 70 21 37	Lorena Díaz DIETÉTICA Y NUTRICIÓN Telf.: 981 70 07 30
<b>CONSULTA PREVIA CITA</b>	
C/ Desiderio Varela, 34-1º A2 (Edificio O Cedro) CARBALLO	